a revista
do IES Xulian Magariños
nº3
2015-2016

Zeca Afonso

Jose Manuel Cerqueira Afonso dos Santos, máis coñecido por **Zeca Afonso,** nado en Aveiro o dous de agosto de 1929, e finado en Setúbal o vinte e tres de febreiro de 1987, foi un compositor e cantante de música portugués. Escribiu, entre outras moitas cousas, temas críticos coa ditadura fascista que rexeu Portugal dende 1933 ata 1974.

Nenez

Foi criado pola tía Gigé e polo tío Xico nunha casa situada no lago das Cinco Bicas, en Aveiro, até os tres anos, altura na que foi vivir cos seus pais e irmáns, que estaban en Angola dende había tres anos.

A relación física coa natureza produciulle unha profunda atracción polo continente africano que se reflectiría durante toda a súa vida. Anos máis tarde descubriría o amargor da realidade social africana, da colonización e do apartheid.

En 1937 volta para Aveiro, onde é recibido polas tías maternas. Porén, parte no mesmo ano de novo para Mozambique cos pais e irmáns, para Lourenço Marques (hoxe Maputo). En 1938 volta a Portugal, a belmonte, á casa do seu tío Filomeno, quen era o alcalde da localidade. Alí completou a instrución primaria, e viviu o ambiente máis profundo do salazarismo (ditadura fascista portuguesa), do que seu tío era fervoroso admirador. El era tamén pro-franquista e pro-hitleriano. O mesmo Zeca diría anos máis tarde "foi o ano máis desgraciado da miña vida".

Xuventude

Zeca Afonso vai para Coimbra no 1940, e comeza a cantar por volta do quinto ano no Liceu D.Joao III. Iníciase en serenatas e canta en *festarolas de aldeia*. Mais interpretaba principalmente o fado tradicional de Coimbra.

Xa no Porto, a miseria do barrio dos Barredo, inspiroulle a súa balada "Menino do Bairro Negro". En 1958 Zeca grava o seu primeiro disco "Baladas de Coimbra". Grava tamén máis tarde "Os Vampiros" que, xuntamente con "Trova do Vento que Passa" (un poema de Manuel Alegre, musicado e cantado por Adriano Correia de Oliveira), tórnase nun dos símbolos da resistencis antifascista da época. Neste periodo (1958-1959) foi profesor de francés e de historia na Escola Comercial e Industrial de Alcobaça.

Mozambique e de novo Portugal

No 1964 parte novamente para Mozambique, onde foi profesor de Liceo, desenvolvendo alí unha intensa actividade anticolonialista, o que lle comezou a causar problemas coa policía política, e será detido varias veces.

De regreso a Portugal, traballa como profesor en Setúbal mais, por mor do seu activismo contra o réxime salazarista, é

expulsado do ensino, e para sobrevivir grava o seu primeiro álbum "Baladas e Cançoes".
En 1969 participa en París no 1º Encontro da "Chanson Portugaise de Combat". Grava tamén o LP "Cantares do Andarilho", recibindo o premio da Casa da Imprensa polo mellor disco do ano, e o premio á mellor interpretación.
Foi detido varias veces pola PIDE (a policía política do réxime) e pasou a ser tratado nos xornais co anagrama **Esoj Osnofa,** para evitar a censura.
En 1971 edita "Cantigas de maio", no cal está "Grándola, Vila Morena" , canción que sería inmortalizada como símbolo da revolución dos caraveis. Os álbumes seguintes foron "Eu vou ser como a toupeira" e "Venham mais cinco"
Após a revolución do vinte e cinco de abril de 1974 grava o LP "Coro dos tribunais". Os seus últimos espectáculos percorren os Coliseos de Lisboa e Porto cando xa se atopaba doente de esclerose lateral amiotrófica, doenza neurodexenerativa (a mesma que padece Stephen Hawking).

En 1983 concédeselle a Ordem da Liberdade, mais el non a acepta. (Máis tarde, en 1994, vólveselle conceder a título póstumo, mais súa muller, fiel á memoria do Zeca, volve rexeitala).
No 1985 foi editado o seu derradeiro álbum de orixinais "Galinhas do Mato", no que, debido ao avanzado estado da doenza, non consegue cantar a totalidade dos temas.
No 1986, xa na fase terminal da súa enfermidade, apoia a candidatura de Maria de Lurdes Pintassilgo á presidencia da república.



Pasamento
Zeca Afonso morre o vinte e tres de febreiro de 1987, en Setúbal.
Será por sempre de certo lembrado como un resistente que conseguiu traer a palabra da protesta antifascista á música popular portuguesa e tamén xa, universal.

Belén Sande e Lucía Vázquez
1º Bacharelato B